

STOP Despejos denuncia na Corunha continuidade da repressom em forma de persecuiçom económica

DIARIO LIBERDADE :: 04/03/2015

Continua a persecuiçom económica contra membros de STOP Despejos na Corunha, com quatro persoas a acumular mais de 40% da quantidade total (14872 euros).

As identificaci3ns dos sancionados non se fixeron in situ, o cal evidencia a existencia de "listas negras".

A Coruña, 28 de Febreiro de 2015. Na última semana chegar3nlle sancións administrativas de 450 €, con opci3n de abrir a vía penal, a varias persoas que participaron da concentraci3n do 19 de Decembro de Elviña non se vende, á que nos sumamos como colectivo. As multas ás persoas manifestantes tras cada convocatoria est3se convertindo nunha desagradable tradici3n da Subdelegaci3n de Goberno que, como observamos con tristeza, non é exclusiva da nosa cidade. En todo caso, negámonos a que se acepte como normal a represión da protesta. As forzas policiais que se mobilizan para calquera acto convocado polo noso colectivo chegarían a resultar paródicas de non haber de fondo a triste realidade da represión e a Lei Mordaza.

Dende STOP Desafiuzamentos queremos recordar que este movemento está a ser perseguido por parte das diversas administraci3ns públicas sendo multados constantemente por manifestarse en prol do dereito de todas as persoas a ter un fogar. Ademáis temos constatado que a partires da primeira identificaci3n os membros do colectivo son multados sistematicamente, comprobando que a primeira sanción nunca é a última.

O caso de persecuci3n, xa de por sí grave, é aínda máis sangrante no caso de catro persoas que acumulan 6310 euros en sancións (dun total de 14.872 euros). Queremos suliñar que, levando a cabo as mesmas acci3ns que o resto dos manifestantes, eles centran a atenci3n das autoridades e son multados aínda que só participaran pacíficamente nunha protesta. Cómpre lembrar que a estas sancións se unen as de outras protestas xa que nosos compañeiros son tamén activistas noutras organizaci3ns. De todos os xeitos, a presión sobre o noso grupo é tamén considerable, dado que observamos que houbo un aumento na contía individual das multas, e un cambio nas vías, antes administrativa e agora tamén penal.

Cabe suliñar tamén que as irregularidades por parte das administraci3ns públicas son constantes. Exemplo disto é a identificaci3n "visual" que nunca é realizada in situ (o que evidencia a existencia de "listas negras"), así como a emisi3n das notificaci3ns marcando por defecto o rexeitamento de sinatura e copia do recibo por parte do multado. As sancións chegan mesmo ó ridículo xa que algunhas delas foron impostas a persoas de idade avanzada que participaron nas últimas protestas de Elviña.

Todos estes feitos indican que Stop Desafiuzamentos, xunto con outros colectivos da cidade, está a sufrir unha persecuci3n permanente, inxusta e arbitraria por parte de aqueles que deberían respectar as leis e coidar de todos e todas as cidadás. Na nosa opini3n, a excesiva

presenza policial nas manifestacións é un síntoma do temor das institucións á organización social e o apoio mutuo que se veñen demostrando como, por exemplo, nos casos de Aurelia, Elisabeth ou o desaloxo e derrubo do fogar de Isabel e Varo en Elviña. Queremos destacar que mesmo os corpos de seguridade son os que provocan os disturbios coa súa actitude provocadora e intimidatoria. Por todo isto, chegamos á conclusión de que o que se está a buscar é a criminalización da acción política de certas persoas ou colectivos e entendemos que as institucións están mais preocupadas en manter unha orde sumisa que en satisfacer as necesidades básicas ou respectar os dereitos fundamentais dos cidadáns.

Por outra banda, queremos agradecer as doazóns por parte de todas as persoas que fixeron un esforzo e aportaron cartos para poder sufragar as multas que a administración está empeñada en impornos. E recordamos que todos aqueles sancionados en firme polo intento de desafiuzamento de Aurelia Rey poden solicitar o ingreso da contía a través dos medios do colectivo.

NIN XENTE SEN CASA, NIN CASAS SEN XENTE!

<https://galiza.lahaine.org/stop-despejos-denuncia-na-corunha>